

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

8471 *Lei 27/2015, do 28 de xullo, de modificación da Lei 33/1998, do 5 de outubro, de prohibición total de minas antipersoal e armas de efecto similar.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

Atendendo ao principio xeral da protección da poboación civil contra os efectos das hostilidades e ao principio de dereito internacional segundo o cal o dereito das partes nun conflito armado a elixir os métodos ou medios de facer a guerra non é ilimitado, a comunidade internacional —encabezada polas Nacións Unidas— deu diversos pasos importantes para conseguir a distensión internacional, a terminación da carreira de armamentos, a instauración da confianza entre os Estados, así como para lograr progresos conducentes ao desarmamento xeral e completo baixo un control internacional estrito e eficaz.

Neste sentido, aprobouse a Convención sobre prohibicións ou restricións do emprego de certas armas convencionais que se poidan considerar excesivamente nocivas ou de efectos indiscriminados, feita en Xenebra o 10 de outubro de 1980 (en diante, Convención sobre certas armas convencionais ou CCAC). Ata o día de hoxe aprobáronse cinco protocolos que complementan o referido tratado. O segundo deles, o Protocolo sobre prohibicións ou restricións do emprego de minas, armas trampa e outros artefactos (o Protocolo II, segundo foi emendado o 3 de maio de 1996) recolle disposicións máis estritas. Non obstante, os resultados derivados da aprobación do novo texto non foron suficientes e, finalmente, a comunidade internacional adoptou un acordo xuridicamente vinculante en que prohibía o uso, o almacenamento, a produción e as transferencias de minas antipersoal, e obrigaba á destrución de todas as existencias que cada país parte do acordo posuía, xa fose en almacén ou en zonas minadas baixo a súa xurisdición ou control. Este acordo, formalmente denominado Convención sobre a prohibición do emprego, almacenamento, produción e transferencia de minas antipersoal e sobre a súa destrución, feita en Oslo o 18 de setembro de 1997 (en diante, Convención sobre a prohibición de minas antipersoal), entrou en vigor en marzo de 1999. O Protocolo II e a Convención sobre a prohibición de minas antipersoal son os únicos instrumentos xurídicos aos cales a Lei 33/1998 fai referencia, xa que é unha norma cuxo ámbito de aplicación se circunscribe unicamente ás minas antipersoal, tal e como sucede cos outros dous textos citados.

Porén, o paso do tempo supuxo o acrecentamento da preocupación internacional por conseguir un progresivo desarmamento dos Estados e a protección da poboación civil fronte ao uso de armas de destrución indiscriminada. Así, aprobouse o Protocolo sobre os restos explosivos de guerra, adicional á Convención sobre prohibicións ou restricións do emprego de certas armas convencionais que se poidan considerar excesivamente nocivas ou de efectos indiscriminados (Protocolo V), feito en Xenebra o 28 de novembro de 2003. Mediante este novo instrumento do dereito internacional humanitario súmase unha importante ferramenta aos esforzos por reducir o número de mortes, de feridas e os sufrimentos causados polos artefactos explosivos que quedan tras o cesamento dun conflito armado. No Protocolo V estipúlanse normas novas polas cales as partes nun conflito deben remover os restos explosivos de guerra, adoptar medidas para protexer as persoas civís dos efectos desas armas e prestar axuda ás organizacións internacionais e

non goberamentais que traballan nestes ámbitos. Este protocolo entraña o potencial para diminuír considerablemente o número de vítimas civís que sempre se rexistra tras o final das hostilidades, e para reducir ao mínimo as consecuencias socioeconómicas a longo prazo que supoñen os restos explosivos de guerra para os países afectados pola guerra. Mediante o protocolo complementáanse as actividades realizadas pola comunidade internacional para reducir o sufrimento que causan as minas antipersoal.

Desde que comezaron a usarse as municións en acio, no decenio de 1940, as persoas civís pagaron un alto prezo pola índole non fiable e imprecisa destas armas que, lanzadas en inxentes cantidades sobre extensas zonas, causaron a morte e feridas a decenas de miles de civís en países asolados pola guerra, principalmente en Asia, Europa e Oriente Medio.

En vista dos padecementos sufridos durante décadas pola poboación civil sempre que se empregaron as municións en acio, e ante as insuficiencias do Protocolo V da CCAC, Noruega iniciou, en febreiro de 2007, o Proceso de Oslo. Este proceso tiña por obxecto a concertación dun tratado internacional para prohibir as municións en acio que causasen «sufrimentos inaceptables» ás persoas civís. Tras as conferencias mundiais de seguimento que tiveron lugar en Lima, Viena e Wellington, celebrouse en Dublín unha conferencia diplomática en que participaron máis de 100 Estados e na cal se aprobou a Convención sobre as municións en acio, feita en Dublín o 30 de maio de 2008. En decembro do mesmo ano 2008, en Oslo, 107 países asinaron o acordo, aínda que este non entrou en vigor ata o 1 de agosto de 2010, xa que era necesaria a ratificación da Convención por, polo menos, 30 Estados. O instrumento de ratificación por parte de España foi depositado o 8 de xuño de 2009.

Coa aprobación do referido instrumento, os Estados puxeron o colofón aos puntos programáticos na estrutura xurídica internacional que rexe os efectos deste tipo de armas. A Convención sobre a prohibición das minas antipersoal, o Protocolo II sobre minas, armas trampa e outros artefactos, e o Protocolo V sobre restos explosivos de guerra da CCAC e a Convención sobre municións en acio son agora un conxunto de ferramentas que permiten previr ou pór remedio ás consecuencias, a miúdo tráxicas, que todas as municións explosivas empregadas en conflitos armados teñen nos civís.

Non obstante, malia a entrada en vigor desta última convención o 1 de agosto de 2010, o artigo 9 do dito Acordo sobre medidas de implementación a nivel nacional establece o seguinte: «Cada Estado parte adoptará todas as medidas legais, administrativas e doutra índole que procedan para implementar a presente convención, incluída a imposición de sancións penais para previr e reprimir calquera actividade prohibida aos Estados parte conforme a presente Convención que fose cometida por persoas ou en territorio baixo a súa xurisdición ou control». Pola súa banda, o artigo 9 da Convención sobre a prohibición de minas antipersoal contén unha disposición similar.

Así mesmo, a Comisión de Defensa do Congreso dos Deputados, na súa sesión do día 18 de novembro de 2009, aprobou unha proposición non de lei pola cal se instaba o Goberno, entre outras cousas, «a unha áxil aplicación en España da Convención sobre municións en acio, asinada polo Goberno o pasado 30 de maio de 2008, en Dublín, así como a unha intensa acción internacional para lograr a vinculación ao acordo dos Estados que aínda non se adheriron a el».

Deste xeito, para conseguir unha aplicación adecuada da Convención sobre municións en acio, e cumprindo co disposto na proposición non de lei aprobada pola Comisión de Defensa, é necesario reformar a Lei 33/1998, do 5 de outubro, de prohibición total de minas antipersoal e armas de efecto similar, para unificar o tratamento recibido polas minas antipersoal e as municións en acio, prohibidas polas respectivas convencións.

Artigo único. *Modificación da Lei 33/1998, do 5 de outubro, de prohibición total de minas antipersoal e armas de efecto similar.*

A Lei 33/1998, do 5 de outubro, de prohibición total de minas antipersoal e armas de efecto similar, queda modificada como segue:

Un. O título queda redactado da forma seguinte:

«Lei 33/1998, do 5 de outubro, de prohibición total de minas antipersoal, municións en acio e armas de efecto similar.»

Dous. O artigo 1 queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 1. *Definicións.*

Por «mina antipersoal» enténdese toda mina concibida para que estoupe pola presenza, a proximidade ou o contacto dunha persoa, e que incapacite, fira ou mate unha ou máis persoas. As minas deseñadas para detonar pola presenza, a proximidade ou o contacto dun vehículo e non dunha persoa, que estean provistas dun dispositivo antimanipulación, non son consideradas minas antipersoal por estaren así constituídas.

Por «mina» enténdese todo artefacto explosivo deseñado para ser colocado debaixo, sobre ou preto da superficie do terreo ou doutra superficie calquera e concibido para estoupar pola presenza, a proximidade ou o contacto dunha persoa ou vehículo.

Por «dispositivo antimanipulación» enténdese un dispositivo destinado a protexer unha mina e que forma parte dela, que está conectado, fixado ou colocado baixo a mina, e que se activa cando se intenta manipularla ou activala intencionadamente dalgún outro xeito.

Por «medios de lanzamento ou dispersión de minas» enténdense aqueles vectores ou mecanismos especificamente concibidos como medio de lanzamento ou dispersión de minas antipersoal.

Por «munición en acio» enténdese unha munición convencional que foi deseñada para dispersar ou liberar submunicións explosivas, cada unha delas dun peso inferior a 20 quilogramos, e que inclúe estas submunicións explosivas. A definición non inclúe:

a) Unha munición ou submunición deseñada para emitir bengalas, fume, efectos de pirotecnia ou contramedidas de radar («chaff») ou unha munición deseñada exclusivamente cunha función de defensa aérea.

b) Unha munición ou submunición deseñada para producir efectos eléctricos ou electrónicos.

c) Unha munición que, co fin de evitar efectos indiscriminados nunha zona, así como os riscos que entrañan as submunicións sen estoupar, reúne todas as características seguintes:

- i. Cada munición contén menos de dez submunicións explosivas.
- ii. Cada submunición explosiva pesa máis de catro quilogramos.
- iii. Cada submunición explosiva está deseñada para detectar e atacar un obxecto que constitúa un albo único.
- iv. Cada submunición explosiva está equipada cun mecanismo de autodestrución electrónico.
- v. Cada submunición explosiva está equipada cun dispositivo de autodesactivación electrónico.

Por «submunición sen estoupar» enténdese unha submunición explosiva que foi dispersada ou liberada, ou que se separou doutro modo dunha munición en acio, e non estoupou como se esperaba.

Por «submunición explosiva» enténdese unha munición convencional que, para desenvolver a súa función, é dispersada ou liberada por unha munición en acio e que está deseñada para funcionar mediante a detonación dunha carga explosiva antes do impacto, de xeito simultáneo ao impacto ou con posterioridade a este.

Por «munición en acio falida» enténdese unha munición en acio que foi disparada, soltada, lanzada, proxectada ou botada doutro modo e que debería ter dispersado ou liberado as súas submunicións explosivas pero non o fixo.

Por «municións en acio abandonadas» enténdense aquelas municións en acio ou submunicións explosivas que non foron usadas e que foron abandonadas ou

desbotadas e xa non se encontran baixo o control da parte que as abandonou ou desbotou. Poden ou non ter sido preparadas para o seu emprego.

Por «bombeta explosiva» enténdese unha munición convencional, de menos de 20 quilogramos de peso, que non é autopropulsada e que, para realizar a súa función, debe ser dispersada ou liberada por un dispositivo emisor, e que está deseñada para funcionar mediante a detonación dunha carga explosiva antes do impacto, de xeito simultáneo ao impacto ou con posterioridade a este.

Por «dispositivo emisor» enténdese un colector que está deseñado para dispersar ou liberar bombetas explosivas e que está fixado nunha aeronave no momento da dispersión ou liberación.

Por «bombeta sen estoupar» enténdese unha bombeta explosiva que foi dispersada, liberada ou separada doutro modo dun emisor e non estoupar como se esperaba.

Por «restos de municións en acio» enténdense municións en acio falidas, municións en acio abandonadas, submunicións sen estoupar e bombetas sen estoupar.

Por «área contaminada con municións en acio» enténdese unha área que sabe ou se sospeita que contén restos de municións en acio.

Por «mecanismo de autodestrución» enténdese un mecanismo de funcionamento automático incorporado que é adicional ao mecanismo iniciador primario da munición e que asegura a destrución da munición en que está incorporado.

Por «autodesactivación» enténdese facer inactiva, de xeito automático, unha munición por medio do esgotamento irreversible dun compoñente como, por exemplo, unha batería, que é esencial para o funcionamento da munición.

«Transferencia» supón, ademais do traslado físico de minas antipersoal e municións en acio dentro ou fóra dun territorio nacional, a transferencia do dominio e control sobre as minas antipersoal e as municións en acio, pero non inclúe a transferencia do territorio que conteña restos das minas antipersoal e das municións en acio.

Por «víctimas» enténdense todas as persoas que perderon a vida ou sufriron un dano físico ou psicolóxico, unha perda económica, marxinação social ou un dano substancial na realización dos seus dereitos debido ao emprego de minas, municións en acio, armas trampa e outros artefactos. A definición inclúe aquelas persoas directamente afectadas por estas armas, así como os familiares e comunidades prexudicados.»

Tres. O artigo 2 queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 2. *Prohibición total do emprego, almacenamento, produción e transferencia.*

1. Queda prohibido o emprego, desenvolvemento, produción, adquisición dun modo ou doutro, almacenamento, conservación, transferencia ou exportación a calquera, directa ou indirectamente, das minas antipersoal, municións en acio, bombetas explosivas, armas de efecto similar e outros tipos de armas convencionais especificadas nos protocolos anexos da Convención de 1980 sobre prohibicións ou restricións do emprego de certas armas convencionais que se poidan considerar excesivamente nocivas ou de efectos indiscriminados, así como da súa tecnoloxía e patentes.

Así mesmo, queda prohibido o financiamento ou a publicidade deste tipo de armas, e dos conceptos explicitados no parágrafo anterior, por calquera medio.

Igualmente, queda prohibido axudar, alentar ou inducir calquera a participar nunha actividade prohibida por esta lei ou polas convencións das cales España é parte.

A infracción desta lei será sancionada de conformidade co Código penal.

2. A transferencia de minas antipersoal e de municións en acio está permitida cando se realiza para a súa destrución.

3. Non se interpretarán como actividades prohibidas nesta lei a cooperación militar e a participación en operacións militares do Estado, do seu persoal militar ou dos seus nacionais con outros Estados que non sexan parte da Convención de municións en acio e utilicen este tipo de armas.

Non obstante, o disposto anteriormente non autoriza a:

- a) Desenvolver, producir ou adquirir, dun modo ou doutro, minas antipersoal ou municións en acio.
- b) Almacenar ou transferir minas antipersoal ou municións en acio.
- c) Utilizar minas antipersoal ou municións en acio.
- d) Solicitar expresamente o uso de minas antipersoal ou municións en acio en casos en que a elección das municións utilizadas se encontre baixo o seu control exclusivo.»

Catro. O artigo 3 queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 3. *Destrución das minas antipersoal e municións en acio.*

1. O Estado comprométese a destruír ou a garantir a destrución de todas as minas antipersoal e municións en acio, incluídas aquelas que poidan ser descubertas con posterioridade á entrada en vigor das convencións e de ter destruído os arsenais existentes.

O Ministerio de Defensa velará por que todas as minas antipersoal e municións en acio existentes baixo xurisdición e control español sexan destruídas no prazo máis breve posible e, en todo caso, dentro dos prazos estipulados nas respectivas convencións (catro anos para minas antipersoal e oito anos para municións en acio).

A destrución das minas antipersoal e das municións en acio farase mediante procedementos que cumpran as normas internacionais, europeas e nacionais aplicables para a protección da saúde pública e o ambiente, e así respecten as condicións ambientais da zona en que se destrúan.

2. Todas as empresas que fosen produtoras de minas antipersoal e/ou de municións en acio, ou doutras armas de efecto similar prohibidas polas convencións citadas, así como calquera que poida posuílas con calquera propósito, deberán informar o Ministerio de Defensa do total destas armas que lles pertencen ou teñan, ou que estean baixo o seu control, incluíndo unha desagregación do tipo, da cantidade e, se fose posible, dos números de lote de cada tipo de arma, e destruílas o antes posible e, en todo caso, dentro dos prazos que marcan as convencións.

Así mesmo, as ditas empresas informarán sobre a situación e o avance dos programas de reconversión ou peche definitivo das instalacións de produción das armas prohibidas nesta lei.

3. O Goberno informará as Cortes Xerais dos plans e prazos adecuados para proceder ao cumprimento efectivo do establecido neste artigo e de canto se dispón no artigo 7 da Convención sobre minas antipersoal e da Convención sobre municións en acio, anualmente e ata a efectiva e total destrución das minas antipersoal e municións en acio existentes no territorio español.»

Cinco. O artigo 5 queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 5. *Excepcións.*

1. Sen prexuízo do establecido no artigo 2 desta lei, permíteselle ao Ministerio de Defensa a retención ou a transferencia dunha cantidade de minas antipersoal e municións en acio para o desenvolvemento de técnicas de detección, limpeza ou destrución destes artefactos e o adestramento nas ditas técnicas. A cantidade de tales minas antipersoal e municións en acio non deberá exceder a cantidade mínima absolutamente necesaria para realizar os propósitos mencionados.

A destrución das minas antipersoal e das municións en acio, a que fai referencia o artigo 3 desta lei, non afectará as que se manteñan para os efectos sinalados no parágrafo anterior.

2. De acordo coas previsións establecidas polo artigo 3, número 3, desta lei, o Goberno informará as Cortes Xerais respecto das cantidades mínimas imprescindibles destinadas ao desenvolvemento de técnicas de detección, limpeza ou destrución de minas antipersoal e municións en acio, con especial detalle das transferencias que puidesen ter sido realizadas con estes propósitos.

3. O Goberno remitirá á Secretaría Xeral de Nacións Unidas os informes preceptivos de actualización de datos, de conformidade coas convencións de que España é parte.

4. O Goberno modificará os documentos que conteñen a doutrina de defensa española de acordo coas disposicións e prohibicións desta lei.»

Seis. O artigo 6 queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 6. *Cooperación e asistencia internacional.*

1. O Goberno adoptará cantas disposicións sexan necesarias para seguir comprometendo o apoio financeiro e a colaboración en programas e proxectos de axuda humanitaria, no marco das campañas internacionais con este fin, tanto de carácter bilateral como multilateral, que requiran a contribución e o apoio por parte de España para a detección, a desactivación e o desmantelamento das minas e dos restos explosivos de guerra, en especial os restos de municións en acio, existentes noutros Estados.

2. O Goberno manterá a necesaria provisión de partidas orzamentarias anuais específicas en apoio dos fondos fiduciarios internacionais e/ou rexionais, das Nacións Unidas e/ou de organizacións rexionais existentes para os ditos fins, para programas de desactivación de minas e de limpeza e destrución de restos explosivos de guerra, incluídos os de municións en acio, así como unha contribución tecnolóxica e de formación de equipamentos adecuados para contribuír á súa total erradicación.

3. O Goberno adoptará cantas disposicións sexan necesarias para seguir comprometendo o apoio financeiro e a colaboración de España en programas de cooperación e asistencia ás vítimas de minas antipersoal e restos explosivos de guerra, incluídos de municións en acio, ás súas familias e ás súas comunidades de pertenza, incluíndo atención médica, rehabilitación, apoio psicolóxico, inclusión social e económica, concienciación, prevención de accidentes, educación e rehabilitación das poboacións afectadas.

4. Nos compromisos ou acordos de cooperación para operacións de desactivación de minas e de limpeza e destrución de restos explosivos de guerra e de municións en acio que, por acordo bilateral ou por solicitude dos organismos internacionais de que forme parte o Reino de España, sexan contraídos polo Goberno español, o Ministerio de Defensa destacará en misións específicas o persoal militar profesional especialista nas ditas técnicas, para realizar as correspondentes actuacións de detección, limpeza e eliminación das minas antipersoal e restos explosivos de guerra, en especial os derivados da utilización de municións en acio.

5. Dedicarase especial atención á cooperación técnica e de formación a persoal experto en técnicas de desactivación de minas e de desactivación de restos explosivos de guerra e de artefactos improvisados de países afectados, en especial nos centros especializados, entre eles o Centro Internacional de Desactivación de Minas do Ministerio de Defensa.»

Sete. A disposición adicional primeira queda redactada da forma seguinte:

«Disposición adicional primeira. *Financiamento.*

1. Os gastos ocasionados pola destrución das minas antipersoal almacenadas serán financiados cos créditos correspondentes do Ministerio de Defensa.
2. Os gastos derivados da destrución das municións en acio serán asumidos por quen as posúa. A Administración xeral do Estado terá dereito a ser resarcida polas empresas produtoras ou posuidoras incumplidoras das súas obrigas, se tal incumprimento deriva en responsabilidade exixible ao Estado.»

Disposición derradeira primeira. *Impulso da ratificación e aplicación da «Convención sobre a prohibición do emprego, almacenamento, produción e transferencia de minas antipersoal e sobre a súa destrución» e da «Convención sobre as municións en acio».*

O Goberno impulsará, a través da súa acción exterior e do resto de medios do Estado, todas aquelas actuacións encamiñadas a que os Estados que aínda non o fixeron se adhiran e ratifiquen tanto o Tratado de Ottawa sobre minas antipersoal como a Convención de Oslo sobre municións en acio.

Do mesmo modo, porá en marcha todas as accións e esforzos diplomáticos necesarios para promover as normas establecidas en ambos os dous casos e desalentar o uso deste tipo de municións por parte dos Estados que non forman parte dos ditos acordos, especialmente daqueles que cooperen e participen en operacións militares co noso país.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 28 de xullo de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY